

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*ANUNCIO do 24 de setembro de 2020, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica o acordo sobre o deslindamento parcial realizado entre a comunidade de montes veciñais en man común de Cabreira (Salvaterra de Miño) e Manuel Vidal Pazos, ao respecto da estrema común dos seus montes.*

Para os efectos previstos no artigo 54 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáse publicidade ao acordo adoptado polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, o 10 de agosto 2020, en relación o deslindamento parcial entre a comunidade de montes veciñais en man común de Cabreira, concello de Salvaterra de Miño, e Manuel Vidal Pazos, ao respecto da estrema común dos seus montes. Expediente PO-DESP-01/2019.

Feitos:

Primeiro. O 10 de outubro de 2019 recíbese no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, co número 2019/2064431 documentación en relación coa permuta PO-01-PER/18.

Entre esta documentación inclúese a referida no artigo 54.3 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (en diante, LMG) no procedemento de deslindamento de montes veciñais con propiedades particulares.

Segundo. O 18.12.2019 o Servizo de Montes emite informe técnico favorable de deslindamento.

Terceiro. O 27.1.2020 publícase o anuncio do 8 de xaneiro de 2020 sobre o inicio do procedemento de deslindamento con predios particulares da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (en diante CMVMC) de Cabreira, no concello de Salvaterra de Miño, e ábrese un prazo dun mes para que as persoas interesadas que desexen comparecer presenten as alegacións e os títulos que acrediten propiedade.

Cuarto. O 11.3.2020 recíbese escrito da alcaldesa do concello de Salvaterra de Miño xuntando o certificado da secretaria sobre a exposición do anuncio deste deslindamento



durante polo menos un mes (do 27 de xaneiro de 2020 ao 9 de marzo de 2020), sen reclamacións contra este.

Quinto. No expediente consta a seguinte documentación:

– Acta de apeo asinada polos representantes da CMVMC de Cabreira e Manuel Vidal Pazos (particular con que deslindan).

– Plano de deslindamento, que consta de dous piquetes de coordenadas:

Piquete 1: X: 539032,60 Y: 4659695,85

Piquete 2: X: 539002,86 Y: 4659707,64

– Certificado de aprobación do deslindamento

– Acta de conciliación no Xulgado de Paz de Salvaterra de Miño.

Sexto. O 11.3.2020 o Servizo de Montes emite informe favorable a liña provisional de deslindamento entre a CMVMC de Cabreira e Manuel Vidal Pazos segundo o plano de deslindamento achegado, que consta de dous piquetes de coordenadas:

Piquete 1: X: 539032,60 Y: 4659695,85

Piquete 2: X: 539002,86 Y: 4659707,64

Consideracións legais e técnicas:

Primeira. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG núm. 140, do 23 de xullo) na súa disposición derradeira segunda, modifica o artigo 25 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e elimina a obriga da Administración forestal de proceder ao deslindamento e á sinalización dos montes veciñais. Por tanto, esta competencia corresponde ás comunidades propietarias consonte os artigos 53 e 54 da Lei de montes de Galicia.

A Lei de montes de Galicia regula nos artigos 52 e 54 o procedemento de deslindamento de montes veciñais en man común e establece, entre outras, a obriga de publicar a resolución do xurado no *Diario Oficial de Galicia*.



«Artigo 54.3. No caso de informe favorable, unha vez ratificado o deslindamento provisional pola asemblea xeral, darase traslado ao xurado provincial dos acordos alcanzados e, cando menos, da seguinte documentación: acta do deslindamento, memoria descritiva con planos topográficos, acta de conciliación levantada no xulgado de paz ou de primeira instancia correspondente e certificacións de aprobación por parte da comunidade. O xurado provincial de montes veciñais en man común ditará resolución aprobatoria do deslindamento e notificaraa ás persoas interesadas. A dita resolución será publicada no *Diario Oficial de Galicia*».

Segunda. Ao cumprir todos os trámites a que se refiren os puntos 1 e 2 do artigo 54 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, sen alegacións á liña proposta, e coa declaración de estaren de acordo co deslindamento as persoas afectadas por este, o Servizo de Montes o 11.03.2020 emite informe favorable á liña provisional de deslindamento entre a CMVMC de Cabreira e Manuel Vidal Pazos, segundo os puntos referidos no feito sexto.

Por isto, revisada a avinza presentada, a documentación achegada e o informe técnico do Servizo de Montes da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de Pontevedra e en atención ao disposto nos artigos 53 e 54 da Lei 7/2012, de montes de Galicia, este xurado provincial, por unanimidade dos seus membros,

#### ACORDA:

Primeiro. Aprobar o deslindamento realizado entre a CMVMC de Cabreira e Manuel Vidal Pazos, segundo os puntos e as coordenadas referidas no parágrafo sexto deste acordo e segundo os planos topográficos achegados e validados mediante informe técnico do Servizo de Montes.

Segundo. Notificar este acordo á comunidade propietaria afectada e publicalo no *Diario Oficial de Galicia* para dar cumprimento ao disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do



procedemento administrativo común das administracións públicas, e cos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Pontevedra, 24 de setembro de 2020

Antonio Crespo Iglesias  
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais  
en Man Común de Pontevedra

CVE-DOG: 8fqttjh0-wnm1-75c6-ww58-0wyfyxb1dj7

